

---

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA CORUÑA CELEBRADA O MÉRCORES, DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2017

---

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitútese en sesión ordinaria ás 12:50 horas do mércores día 29 de novembro de 2017 coa seguinte orde do día:

1. Aprobación de Actas
2. Informe do Director
3. Execución do presuposto de 2017
4. Proposta de Comisión de estudo e análise estratéxico da Escola
5. Proposta de titulación: “International Master in Sustainability Energy and Civil Engineering”
6. Convocatoria e orde do día da próxima Xunta de Escola
7. Quenda aberta de palabra

### ASISTEN OS SRES:

#### PROFESORES

Carro López	Diego
Colominas Ezponda	Ignasi
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	M <sup>a</sup> Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis
Ramírez Palacios	Luis
Romera Rodríguez	Luis Esteban

#### ESTUDANTES

Benavides Cabezas	Iván
Pazos Taboada	Damián
Vázquez Varela	Miguel Ángel

#### PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Cruz Viqueira	M <sup>a</sup> Pilar
---------------	----------------------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

### 1. Aprobación de Actas

Enviáronse as actas das reunións anteriores nos días previos. O estudante Damián Pazos enviou unha corrección á acta da sesión extraordinaria do 13 de novembro. Inclúense os cambios propostos na acta.

Apróbanse todas as actas

### 2. Informe do Director

O Director comeza o informe. Explica en primeiro lugar o documento enviado que corresponde ao mapa de titulacións do SUG dicindo que este documento está acordado entre as tres universidades e a secretaría xeral de universidades. A consellería designou como grao singular o grao en Tecnoloxía en Enxeñaría Civil. Tamén se inclúe o grao de Enxeñaría de Obras Públicas en titulacións de enxeñaría civil en Galicia.

Trata de seguido o documento tamén enviado que preparou a Asociación de Enxeñeiros de Camiños C e P. Trátase dunha proposta de constitución de programas integrados de grao e mestrado. A idea principal é que se poida organizar un itinerario sen ter a barreira de ter concluído o grao incluído o traballo fin de grao. Sería preciso cambiar un Real Decreto para que isto poida ser feito. Esta proposta enviouse á CRUE onde se recibiu con interese, constituíuse unha comisión de traballo, froita da cal chegaron a unha proposta similar á do CECCP. Este tema tratarase na seguinte reunión da CRUE. No caso de que se aprobe, o seguinte paso será pasalo ao ministerio.

Respecto a titulacións, dá conta dunha información recén recibida: os reitores da Universidades de Vigo e da Coruña acordaron que o mestrado en Enxeñaría Aeronáutica será interuniversitario.

No ano 2018 corresponde acreditar a titulación de Mestrado de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos. Esta labor farase na ACSUG. Tamén virá en próximas datas a acreditación EURACE dos graos da Escola. Indica que se poderíase facer este ano a acreditación deste selo responsabilidade da ANECA. Sen embargo sinala que os dous procesos van a ir por separado. Consultou sobre a posibilidade de facer simultaneamente esta acreditación para os títulos de grao e mestrado. Recibiuse información de que esto non é posible porque aínda non están tramitados todos os acordos entre axencias de calidade.

Na comisión académica do programa de doutoramento, presentáronse 11 candidatos, e por tanto, non haberá eleccións.

Respecto a persoal, en PDI a única cuestión aberta son dúas prazas de axudante doutor que aínda non se resolveron, están en proceso. Respecto a PAS, solicitouse ao xerente que se dotara de persoal de conserxería ao edificio de área científica. Agora hai unha persoa de mañá e outra de tarde.

### 3. Execución do presuposto de 2017

O director presenta a situación coa información actualizada, sinala que se empregaron todas as partidas correspondentes ata onde foi posible. Os pequenos remanentes corresponden con IVE non devolto ao centro.

#### **4. Proposta de Comisión de estudo e análise estratéxico da Escola**

O director presenta un documento que recolle o obxecto e composición desta comisión. Os estudantes consultaron información sobre a súa representatividade, e viron que é habitualmente do 30%. Establécese un debate sobre a idoneidade de aumentar un membro do colectivo de estudantes para acercarnos á representatividade dos estudantes. Acórdase que os estudantes teñan 4 representantes.

Apróbase a seguinte proposta que será levada á Xunta de Escola:

##### **COMISIÓN DE ESTUDO E ANÁLISE ESTRATÉXICO**

Esta comisión de traballo, de carácter consultivo, terá como obxectivos esenciais o estudo e análise da estratexia académica da Escola, da estratexia de promoción e difusión da Escola e da estratexia de relación co entorno social e profesional.

##### **Composición**

A comisión estaría formada por 14 membros: 9 profesores, 4 estudantes e 1 PAS. Son membros natos o director, que preside e o secretario académico que actúa como secretario da comisión. O director poderá invitar a outros membros do equipo directivo, con voz e sen voto, cando o considere convinte.

#### **5. Proposta de titulación: “International Master in Sustainability Energy and Civil Engineering”**

O director explica brevemente a proposta dunha nova titulación de mestrado na que estiveron traballando a profesora Isabel Martínez e o profesor Pablo Rodríguez-Vellando, e que lle expuxeron ao director o 19 de outubro. O director indica que lles propuxo a estes profesores trasladar este tema á comisión permanente da Escola.

O director cede a palabra á profesora Isabel Martínez Lage que detalla o desenvolvemento dos acontecementos. A profesora explica que esta proposta comezou a raíz do mestrado en Enxeñaría da Auga; a través de esa colaboración chegou a idea dun profesor de Magdeburgo que pretendía establecer unha colaboración coa universidade de Le Havre. Este profesor contacta co profesor Pablo Rodríguez-Vellando que participa no mestrado da auga, e os profesores Pablo Rodríguez-Vellando e Isabel Martínez Lage comezan a pensar nunha proposta. Estes profesores consideraron esta opción positiva para a universidade. Consultouse nese momento á Vicerreitora de títulos sobre se sería viable esta proposta de titulación, se xa na reitoría dicían que era imposible non tiña sentido

continuar. Fíxose despois unha reunión coa vicerreitora de títulos, a vicerreitora de internacional, o reitor da UDC a profesora Isabel Martínez e o profesor Pablo Rodríguez-Vellando. Desde a reitoría consideraron o proxecto interesante, que encaixa co campus sostible, que ten unha compoñente internacional e que ve posible que se poida aprobar desde a Xunta de Galicia.

No mes de outubro o profesor Pablo Rodríguez-Vellando réunese con representantes de Le Havre e de Magdeburgo. Desde Le Havre propónse impartir a parte de enerxías renovables xa que encaixa ben na súa organización. En Magdeburgo dedícanse máis a eficiencia enerxética polo que impartirían estes contidos. A parte de sostenibilidade en enxeñaría civil sería a encomendada á Universidade da Coruña, polo que entenden que se podería impartir na Escola e por iso falan co director 10 días despois. Fíxose unha reunión en Alemaña esa mesma semana cos vicerreitores e con directores de departamento. Nesta reunión hai un borrador de acordo trilateral que establece que os estudantes poden matricularse nos outros centros das outras universidades. Establécese que se podería solicitar Erasmus Mundus, un programa con importante financiación para mobilidade.

Intervén o profesor Diego Carro. Indica que cando se organiza calquera actividade, o procedemento habitual é en primeiro lugar contactar coa xente coa que se quere contar, para recadar a súa axuda e o seu apoio para organizalo. Indica que non recibiu ningún contacto nin consulta sobre este mestrado ata esta reunión, polo que a mensaxe que afirma percibir é que non interesa a súa participación neste mestrado. Indica que considera que o seu perfil académico e investigador encaixa nesa proposta. Tamén sinala que lle consta que tampouco se contactou con outras persoas que traballan en sostenibilidade na Escola. Continúa indicando que se argumentará que ese é o momento en que se pide apoio, pero neste momento xa hai unha proposta de estrutura encima da mesa, 4 semestres, primeiro A Coruña, despois Magdeburgo e despois Le Havre. Sinala que lle gustaría ter sabido algo sobre isto antes de ter unha proposta tan pechada enriba da mesa. A continuación diríxese á directora do departamento de enxeñaría civil, indicando que na súa toma de posesión tratou a transparencia como eixo principal do seu mandato. O profesor expón que considera que a directora do seu departamento non foi transparente con este tema e pídelo que o sexa no futuro. Por último, sinala que a idea xeral deste mestrado ten aspectos positivos e que de aquí podería saír algo interesante para a Escola. Explica que tal e como está estruturado non o pode apoiar.

Resposta a profesor Isabel Martínez, indicando que si que actou con transparencia. Sinala que a proposta veu xa estruturada desde fóra. Indica que si que se contaba co profesor Diego Carro e cos outros especialistas na área. Esta é a oferta que recibimos e sobre ela podemos decidir se nos interesa. Indica que non ocultou a información e que lla comunicou a múltiples profesores cando se foi encontrando con eles pola Escola. Sen intención de manter esta proposta oculta.

Intervén o estudante Damián Pazos, pregunta se este máster vai ter algo que ver co Mestrado da Auga. Respóndase que sería un novo título.

Consulta o estudante Iván Benavides, indica que ambos títulos van coincidir no tempo, consulta se haberá suficientes profesores e aulas. Respóndase que sí, que sería posible articulalo.

Intervén o profesor Luís Pena, indica que no punto anterior da orde do día rematamos de aprobar unha nova comisión de estudo e análise estratéxico para pensar a medio e longo prazo a liñas de actuación da Escola, e xusto a continuación, con moi pouca información preténdese informar favorablemente unha proposta de nova titulación. Cre que isto é incongruente, e que esta nova titulación debería ser avaliada pola comisión de análise estratéxico de forma que os novos títulos que se propoñan deben encaixar nunha estratexia global da Escola. Resposta a profesora Isabel Martínez, explicando que se conta cun punto a favor, que teñen interese na Xunta de Galicia e que recibimos esta proposta das universidades. Indica que a comisión está desde setembro para constituírse e que aínda non estaba definidas as persoas que a compoñen, e non chegaríamos por tanto ao 15 de febreiro.

Intervén o profesor Fernando Martínez Abella, indicando que se trata dunha proposta da profesora Isabel Martínez, agradece que se fagan propostas. Indica que é unha proposta xa pechada, tamén considera que vai moi rápido. A oferta é que ou aceptamos ou buscan a outro. Considera moi perigoso que o nome inclúa o termo *Civil Engineering* e que iso pode afectar á traxectoria da Escola. Indica que sería importante que se recadaran apoios na propia Escola. Indica que é un tempo difícil para a Escola, e que esta proposta habería que analizala na comisión de estratexia. Sinala que se lle debería dar máis tempo a esta cuestión.

Intervén o profesor Alfonso Orro, coincide en que é unha idea interesante, indica tamén que quizá os pasos se poderían ter dado de outra forma. Indica que el tampouco sabía nada deste tema. Non se trata de que se excluía a unhas persoas. Desde agora a Escola debería debatir se interesa esa oferta, consulta que prazos temos.

Resposta a profesora Isabel Martínez indicando que querían ter unha nova reunión en xaneiro para preparar o Erasmus Mundus. Outra cuestión é a parcela do plan de estudos que se debería preparar. A cuestión dos cuatrimestres xa está establecida e os contidos xerais tamén. A nosa labor sería centrada na enxeñaría civil e orientada á sustentabilidade.

Intervén o profesor Luis Romera, consulta se se trataría dun máster universitario ou dun título propio. Resposta a profesora Isabel Martínez que sería un título oficial. Tamén pregunta o profesor Luis Romera se este título afecta ao panorama de títulos da UDC. Resposta a profesora Isabel Martínez indicando que non afecta.

Intervén o profesor Luis Ramírez indicando que considera a proposta moi optimista respecto aos contidos. Indica que antes de falar coa reitoría e buscar cal é a súa resposta, se debería empezar por ter o apoio da Escola.

Intervén o estudante Damián Pazos, indica que se debería ter informado desde o primeiro contacto antes na Escola que na reitoría. Considera que se debería tomar esto con calma e analizalo na Comisión de estratexia. Considera que non se debería facer unha comisión a propósito para isto.

Resposta a profesora Isabel Martínez, indicando que non está nada pechado na proposta.

Intervén o estudante Miguel Ángel Vázquez consultando por que se presentou agora e non en xullo. Considera que aprobalo agora ás carreiras sería inadecuado.

Intervén o profesor Alfonso Orro, indica que a comisión permanente considera esta idea interesante pero que hai cuestións que habería que explorar na Xunta de Escola. Tamén estudar se é posible retrasar un ano a implantación.

Intervén o profesor José París expoñendo quen non considera que esta proposta estea lista para ser tratada na Xunta de Escola.

Acórdase trasladar o debate desta titulación á Comisión de Estudo e Análise Estratéxico da Escola.

## **6. Convocatoria e orde do día da próxima Xunta de Escola**

O Director presenta unha proposta de Xunta de Escola a realizar o día 13 de decembro ás 12:45 coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da reunión anterior
2. Informe do Director
3. Premios Extraordinarios Fin de Carreira
4. Quinquenios docentes de profesores da Escola
5. Comisión de estudo e análise estratéxico: funcións e competencias
6. Quenda aberta de palabra

Apróbase

## **7. Quenda aberta de palabra**

O estudante Miguel Ángel Vázquez consulta sobre o acto de entrega de diplomas e sobre o límite temporal para o remate da promoción.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:45 do 29 de novembro de 2017

**Vº. Bº.**

**Ignasi Colominas Ezponda**  
Director

**Diego Carro López**  
Secretario Académico